

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2023

RELACIÓN DE ASISTENTES:

D^a. Concepción Losada Vázquez, presidenta do Padroado,
D^a. María Xosé Fernández Cerviño, vicepresidenta do Padroado,
D. Lino Lema Bouzas, tesoureiro do Padroado,
D. Manuel Vilar Álvarez, director do Museo do Pobo Galego
D. Álvaro R. Arizaga Castro,
D. Manuel Blanco Villar,
D^a. Laura Calvelo Villar (Tamparrantán),
D. Francisco B. Collantes Carollo,
D. Ramiro Combo Garcíá,
D^a. Esperanza Delgado Rosende,
D. Denis Estévez Fernández,
D^a. Ana Estévez Lavandeira,
D^a. María del Carmen Guitián Fernández,
D. José María Laredo Cordonié,
D. Xoan Xosé Molina Sánchez,
D. Ángel Nieto Mengotti,
D. Fernando Pintos García,
D^a. Xulia Vázquez Randulfe,
D. Antón Vidal Sánchez,
D. Manuel Vilas Tubío,
D. Xosé Ignacio Vilaseco Vázquez,
D. Manuel Xesús Xiráldez González,
D. José A. Zambrano Casas,
D. Uxío-Breogán Diéguez Cequiel, actuando como secretario incidental.

DESCULPAN A AUSENCIA:

D. Francisco J. Sanjiao Otero, secretario do Consello de Goberno
D^a. Estefanía Lodeiro Paz,
D. Anxo Regueiro,
D. Iván Fernández Pérez

En Santiago de Compostela, a 13 de maio de 2023, no Museo do Pobo Galego, celébrase Asemblea Xeral Ordinaria de socias e socios, que dá comezo ás 11:30 horas en segunda convocatoria, baixo a presidencia de D^a. Concepción Losada Vázquez, presidenta do Padroado do Museo do Pobo Galego, coas asistencias e desculpas de ausencias arriba relacionadas. Por ausencia do secretario do Padroado, actúa como secretario incidental o vogal do Consello de Goberno, D. Uxío Breogán Diéguez Cequiel.

Abre a sesión a presidente da Asemblea e procede a tratar a orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ASEMBLEA DE SOCIAS E SOCIOS DO 7 DE MAIO DE 2023.

En cumprimento do acordo da Asemblea Xeral celebrada o 8 de maio de 2010, a acta da Asemblea Ordinaria do 7 de maio de 2022 foi enviada por correo electrónico, e estivo a disposición das persoas socias para descargar no portal dixital do Museo do Pobo Galego, para a súa lectura por quen estivera interesado.

Apróbase a acta por asentimento.

2. INFORME DO CONSELLO DE GOBERNO.

A presidenta da Asociación e do Consello de Goberno, consonte coas súas obrigas específicas, comparece ante os socios e socias para presentar o informe enumerando o desenvolvemento da súa actividade no período transcorrido dende a Asemblea de maio de 2022.

En primeiro lugar indica a satisfacción coa que asiste a esta a súa primeira asemblea de socios e socias como Presidenta do Padroado, pola importancia que considera que ten esta organización no desenvolvemento da esencia e das actividades do Museo.

A. Funcionamento do Padroado

A.1. Nova composición do Consello de Goberno

Dende a asemblea do pasado mes de maio celebráronse sete Consellos de Goberno presenciais, os días 30 de xuño, 14 de setembro, 19 de outubro e 23 de novembro de 2022 e 9 de febreiro, 24 de marzo e 4 de maio de 2022, así como catro Comisións Permanentes, dúas presenciais o 8 de xullo 2021 e o 31 de marzo de 2022, e dúas telemática o 31 de agosto de 2021 e o 27 de abril de 2023.

Por outra parte, o 28 de maio e 18 de decembro de 2022 tiveron lugar as preceptivas Asembleas Xerais Ordinarias do Padroado.

Convocadas en prazo as eleccións, só houbo unha candidatura foi nomeada por maioría na Asemblea do 28 de maio de 2022, formada por:

- Presidenta, D^a Concepción Losada Vázquez
- Vicepresidenta 1^a, D^a María Xosé Fernández Cerviño
- Vicepresidencia 2^a, Xunta de Galicia
- Vicepresidencia 3^a, Concello de Santiago
- Tesoureiro, D. Lino Lema Bouzas
- Secretario, D. Francisco Sanjiao Otero
- Vogal 1^o, D. Bieito Pérez Outeiriño
- Vogal 2^o, D. Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

En canto aos vogais en representación de socios e socias, seguen no seu cargo até 2024 D. Xulio Pardellas de Blas, e até 2026 D^a. Esperanza Delgado.

A.2. Plan plurianual

Nos primeiros meses da súa andaina, o Consello de Goberno tratou especificamente de elaborar unha proposta de priorización de necesidades e plan de actividades para o cuatrienio do que seremos responsables e que lles presento en primeiro lugar.

A situación actual do museo é de crecemento moi intenso, cun cambio moi importante tanto nas infraestruturas de edificio e almacén como na dimensión das actividades realizadas (pensemos na MICE, APOI, actividades propias e de apoio a outras asociacións e institucións, etc. Mantendo practicamente estancado o nivel de recursos tanto económicos como, sobre todo humanos, de que dispoñiamos fai xa moitos anos. Pensamos que é imprescindible xa actuar sobre unha serie de aspectos para finalizar o proceso de ampliación e consolidar o logrado.

Para acometer esta tarefa, no consello de goberno establecemos diferentes areas de interese entre os retos do museo para os anos vindeiros:

I. Area institucional

- Rematamos as previsións no último ano deste compromiso do Consello de Goberno que será o nº 49 dos do Museo do Pobo Galego (que decidimos dedicar fundamentalmente a preparación do 50 aniversario), unha efemérides decisiva para esta casa e na que (entre

outras ben importantes) cumprírase o período de cesión do edificio que nos alberga e que esperamos renovar sen problemas.

- Obxectivo prioritario: preparar a renovación da cesión do edificio coa corporación municipal que corresponda.
- Relacións directas ca totalidade dos concellos de Galicia como socios, como destinatarios de itinerancia de exposicións e outros actos
- Relación de colaboración especializada con outros museos etnográficos do país
- Que o museo se faga presente nas institucións e organizacións colectivas que poidan darnos a transcendencia social que precisamos (cámara de comercio, ...)

II. *Area de organización*

- A nova situación do museo en canto a espazos e recursos faranos reorganizar a xestión interna:
 - Para a organización dos procedementos de xestión interna (correos, documentos, comunicación,...)
 - Para adaptarnos os novos requirimentos legais (xestión documental, facturas electrónicas, etc.)

III. *Area de funcionamento*

- Completar a montaxe das novas salas de Historia
- Optimizar os outros recursos expositivos existentes no museo para con pequenas intervencións mellorar a accesibilidade, aportación de información complementaria aos visitantes, ...
- Facer operativo o novo almacén. Iniciar os traballos de clasificación e ordenación *in-situ*. decidimos priorizalo polo que destinaremos a elo parte dos presupostos dedicados á renovación do museo.
- Completar os traballos precisos para facer accesible na rede os nosos catálogos de fondos. Isto incrementará enormemente a nosa visibilidade e o recoñecemento da importancia da nosa colección. Queda moi pouco por facer e destinamos fondos propios a completar este proceso xa no ano 2023.
- Potenciar a actividade das estruturas de estudo e investigación do museo tanto no que respecta a patrimonio material como inmaterial, nomeadamente o IEL.
- Programas específicos que aproveiten a conmemoración de efemérides ao longo do período para chamar a atencións sobre problemática do país:
 - 2023 SEG
 - 2026 Centenario da Lei de Redención de Foros

IV. *Area de Recursos*

- Recursos económicos
 - Ampliar as fontes de financiación: Novos socios protectores e patrocinadores
 - Ampliar os concellos socios
 - Ampliar socios e socias
 - Campaña de explicación as entidades financiadoras sobre as verdadeiras necesidades do museo
- Recursos humanos
 - En canto a previsión de inauguración e apertura de novas salas apuntamos que terá a necesidade imperiosa de nos dotar de novo persoal de salas e incremento das necesidades de limpeza e mantemento. Serán mais de 1000 m2 abertos ao público.
 - Nos vindeiros anos asistiremos a xubilación e, polo tanto necesario recambio, dunha parte importante do noso cadro de persoal técnico. Isto supoñerá dedicar esforzos e recursos ao proceso de formación do novo persoal. A prioridade establecida ven dada directamente polas datas en que debe producirse o recambio.

B. **Relacións institucionais**

B.1. Consellería de Cultura, Educación e Universidade

- 8 de xullo. Asistimos xunto co Director do museo e o Tesoureiro a unha entrevista de presentación institucional co Conselleiro e director Xeral de Cultura en San Caetano. Asisten tamén Director Xeral de Cultura, D. Anxo Lorenzo e Secretario Xeral de Política Lingüística Valentín García.

- Finalmente, nos orzamentos da Xunta para este ano a subvención incondicionada pero a de investimentos mantén o incremento destes 2 anos pasados de 100.000€ para continuar facendo fronte as necesidades da ampliación e novas salas.
- Fondos *Next Generation*: Atendendo a suxestión do Secretario Xeral de Cultura, A respecto do Foro Proxectos Culturais e Fondos Europeos en Galicia, organizado pola Consellería. (Seguindo as liñas marcadas nesa reunión, encargouse a unha empresa o proxecto e orzamentos para climatización cun custo estimado duns 700.000 €, proxecto que presentamos á Xunta en maio).
- Asistimos, xunto co tesoureiro, na Cidade da Cultura, a presentación de resultados da consulta sobre fondos *Next Generation*. De momento non temos resposta. Convocados pola consellería, asistimos as reunións preliminares de comunicación as entidades relacionadas co seu contido dos proxectos legislativos que se están elaborando: Lei de Cultura inclusiva (5 outubro 22) Lei de Cultura dixital (14 novembro 22).
- Asinamos un novo convenio anual que nos achega os fondos para o presente exercicio. Informará o tesoureiro.

B.2. Concello de Santiago.

- O 14 de xullo, asistimos xunto co Director do museo e o Tesoureiro a unha entrevista de presentación institucional o alcalde de Santiago. Acude tamén a 1ª tenente de alcalde, representante do Concello neste Padroado e no Consello de Goberno, dona Mercedes Rosón.
- Axenda Urbana de Santiago de Compostela. Vimos de participar no Grupo de Impulso e Seguimento sobre Educación, Patrimonio e Arte. A presidenta, o 11 de xullo de 2022, asiste a segunda reunión na que manifesta que no documento elaborado como resultado da primeira das mesmas -na que xa participamos- recolléronse razoablemente as propostas enviadas por este museo.

B.3. Arcebispo de Santiago.

- O día 3 de Outubro de 2022 asistimos xunto co Director do museo e o Tesoureiro a visita de presentación institucional ao Sr. Arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio. Previamente, na antesala do despacho entrevistámonos con D. Elisardo Temperán.
 - o Temas tratados: veciñanza da igrexa de Bonaval, aspectos de coidados compartidos e conservación. Estado das obras. Petición ao Parlamento de Galicia para promover activación do traballo legislativo en relación co Panteón de Galegos Ilustres.

B.4. Parlamento de Galicia

- Asistimos xunto co Director do museo e o Secretario a visita de presentación institucional ao Presidente do Parlamento o día 30 de maio. Temas tratados: aumento da cota, Panteón de Galicia, posibilidade de axudar en edición de libros, Fondo Faustino Santalices.

B.5. Outras actividades

- 3 de xuño Inauguración na sede de AFUNDACIÓN da exposición Santiago no Tempo a que o Museo presta 2 pezas
- 27 de xuño: Acto na Fundación Otero Pedraio, na entrega do premio Trasalba.
- 14 de xullo ás 18.30 horas: Edición de Libro homenaxe a Beramendi: Celebramos o acto de presentación no Museo, con asistencia de autoridades, numerosos socios e socias e membros do Padroado do Museo. Tivemos un viño de honra.
- 19 xullo. Visita institucional de Ana Pontón portavoz do Grupo parlamentario do BNG
- 21 xullo: Mostra de teatro de Ribadavia, onde se presentaba unha obra (Relato para un Incendio, de autoría de Ernesto Is e dirixida por Xosé Leis) sobre temática consultada nos fondos do APOI do Museo do Pobo Galego
- 28 xullo. Reunión de presentación institucional ao director do CGAC
- 4 setembro. Fundación Curros Celanova. Asistimos a entrega do Premio casa dos Poetas
- 28 outubro. Asemblea da Fundación Castelao con representación deste Padroado efectuada por Justo Beramendi.

C. Traslado de oficinas e servizos á ala sur

Intentamos nos primeiros meses facer o traslado de despachos en canto as condicións para o traballo (calefacción, ventilación, ausencia de radon ...) serían moito mellores que na anterior situación.

Finalmente, fixemos o traslado ao primeiro andar da ala sur dos despachos de dirección, secretaría, administración, colección e APOI. DEAC e EXPOSICION están na planta baixa. Instalouse o novo mobiliario e servizos de rede e telefonía.

Completouse a instalación dunha sala de transmisión dixital na planta baixa e mantivéronse en funcionamento para sucesivas actividades que nos relatará o Director as novas salas de exposicións.

Todo o verán tivemos auga e humidades no edificio novo:

- Documentamos e avisamos dos danos
- Veñen inmediatamente a revisar e arranxar
- En setembro escribo de novo con máis danos
- En novembro as inundacións procedentes do filtrado de auga de chuvia desde a zona de encontro do tellado da ala sur co edificio da igrexa (torre) son enormes e preocupantes, tendo que manter pechada a escaleira real durante algún días.
- Requiriu de visitas da arquitecta, técnicos da construtora e ultimamente dunha nova empresa para limpeza de baixantes e reparación do tellado.
- Parece que mellorou o estado pero cada vez que chove moito seguimos tendo problemas

Tivemos informacións contraditorias arredor da construción da pasarela do claustro ate a planta de exposición da ala sur e da rampla de acceso ao edificio da ala sur desde a rúa. Finalmente sabemos que non poderán executarse no curso do presente ano 2023

D. Salas de historia

En cumprimento dos compromisos de financiación adquiridos coa Xunta de Galicia e a Deputación de A Coruña procedeuse a correspondente instalación museográfica da sala da Galicia medieval e da sala da Monarquía Hispánica, estando pendente a colocación das pezas mais delicadas nas súas vitrinas en tanto non estean resoltos os problemas de:

- Entrada de auga que aconteceron durante os temporais do mes de novembro
- Accesos expeditos desde o edificio conventual (pasarela desde o claustro alto pendente de execución de parte do Consorcio de Santiago)
- Accesibilidade sen barreiras desde a entrada da rúa (rampla pendente de execución de parte do Concello de Santiago).

Quedan pendentes para novos exercicios as salas de Historia Contemporánea de Galicia (prevista para o ano 2024) e Historia do Museo do Pobo Galego que prevemos rematar no 2026, na preparación do 50 aniversario do Museo.

A inclusión dos novos espazos do museo vai requirir facer un novo plan de emerxencias, que se fará cando xa teñamos a pasarela e a rampla.

E. Persoal

Tras tomar posesión o novo Consello de Goberno mantivemos diversas reunións co director e co persoal do Museo para coñecer as súas expectativas e necesidades.

En novembro de 2022 tivemos unha incorporación dunha persoa con contrato fixo a tempo parcial ao APOI para manter a funcionalidade deste arquivo. Contamos para facelo cunha achega finalista da Asociación PuntoGal.

F. Acondicionamento e traslado a nave almacén de Boqueixón

Ao longo deste ano completamos:

- O traslado bruto da colección almacenada na nave do Tambre a nova nave de Boqueixón, así como de parte da infraestrutura de almacenamento de que dispoñiamos no vello local (estantes e entreplanta metálica) do que resolvemos o contrato de aluguer.
- O equipamento básico de servizos da nave (luz, auga, seguridade, telefonía e rede) para que poida ser verdadeiramente operativo
- O trámite de declaración e rexistro da nave como lugar de traballo.

Quedan tarefas pendentes de clasificación e reordenación da colección na nova situación para que dispoñamos dun almacén de fondos museísticos. Está previsto no plan quadrienal a elaboración de un proxecto de distribución e acondicionamento do almacén para acoller as distintas coleccións nas condicións axeitadas as súas características.

G. Fundación Antonio Fraguas Fraguas

Despois do cambio nos cargos do Padroado do Museo do Pobo Galego, tomaron posesión as novas presidenta e vicepresidenta da Fundación Antonio Fraguas.

En canto ás actividades realizadas destacan:

I. Proxecto Cántame un conto:

- A segunda edición estase realizando con éxito e o día 30 de maio de 2023 celebrarase no salón de actos do Colexio La Salle a festa de fin de curso do presente ano. Os nenos e nenas participantes nesta segunda edición superan os 500.
- Tamén informa a presidenta que no enderezo <http://museodopobo.gal/gl/contame-un-conto> poden visualizarse máis de 50 vídeos de contos relatados por nenos e nenas, xunto con enlaces a contos tradicionais orixinais que alberga o Arquivo do Patrimonio Oral e da Identidade do MPG e vídeos de contacontos profesionais.
- Este programa está pendente de integrarse no Plan Proxecta+ da Xunta de Galicia.

II. Proxecto Didáctico:

- Está en curso a XII edición do Proxecto Didáctico Antonio Fraguas Fraguas. O xurado do mesmo reunido o 20 de xuño de 2022 acordou por unanimidade conceder o premio da modalidade de ensino primario ao proxecto Ecoparloteo, froitos da terra, do CEIP Plurilingüe da Ramallosa (Teo), e o premio da modalidade de ensino secundario, ao proxecto Ao son da oralidade. O noso patrimonio. Da pedra á palabra. Da prehistoria ao século XXI, presentado conxuntamente polo IES do Milladoiro (Ames) e o IES Marco do Camballón (Vila de Cruces).
- Neste momento os centros están a traballar para a musealización dos traballos no Museo do Pobo Galego, onde estarán expostos no mes de outubro deste ano.
- Para realizar estas actividades contamos coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

III. Colaboración co concello de Cerdedo-Cotobade:

- Continúa a colaboración co concello de Cerdedo-Cotobade para fomentar o coñecemento de D. Antonio Fraguas Fraguas entre a súa veciñanza. En 2022 celebrouse un acto no Centro Cultural e Artístico Antonio Fraguas Fraguas de Carballedo. Este ano vai realizarse un acto conmemorativo do centenario do SEG.

H. Panteón de Galicia

Os grupos parlamentarios non se moveron neste asunto que continúa bloqueado. Como resultado do tratado na asemblea de maio deste Padroado, a presidenta reuniuse coa presidenta do Consello da Cultura Galega e o presidente da Real Academia Galega para redactar e asinar conxuntamente unha solicitude de reunión cos membros da mesa do Parlamento que impulsara a reactivación da acción legislativa encamiñada a regulación do Panteón de Galegos Ilustres. Como resultado deste escrito fomos convocados polo Presidente do Parlamento a unha reunión sobre o tema.

Nesa reunión o Presidente do Parlamento expresou o seu desexo de que a iniciativa legislativa se retome por acordo de todos os grupos parlamentarios e que se leve a bo porto.

Nestes últimos días tivemos novas de que a reunión pendente vaise celebrar proximamente. Informaremos dos avances nas sucesivas asembleas.

I. Centenario do Seminario de Estudos Galegos.

Sobre a proposta de programa preliminar elaborada por D^a María Xosé Fernández Cerviño asistimos as sucesivas reunións da representación do Museo do Pobo Galego, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega segundo a proposta que foi aprobada na Asemblea do 28 de maio de 2022.

Na xuntanza do 6 de setembro de 2022, con presenza dos secretarios xerais de Cultura e de Política Lingüística en representación da Xunta de Galicia, acordouse promover un programa conmemorativo conxunto e articular a coordinación doutras institucións relacionadas co Seminario de Estudos Galegos.

O 10 de outubro de 2022, convocadas por CCG, MPG e RAG, reunímonos na sede do Consello da Cultura Galega con representantes Fundación Antonio Fraguas Fraguas, Fundación Castelao, Fundación Losada Diéguez, Fundación Otero Pedrayo, Fundación Vicente Risco, Fundación Xosé F. Filgueira Valverde, Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, CSIC-Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, xunto co último representante no CCG do novo Seminario de Estudos Galegos.

D^a. María Xosé Fernández Cerviño toma a palabra e complementa o indicado dende a presidencia do Museo no referido ao estado das actividades a celebrar con motivo do centenario do SEG, facendo pormenorizadamente un repaso pola evolución das actividades que se estiveron a desenvolver, así como por aquelas de inminente execución (anexo 1).

L. Informe da xestión económica.

A presidenta do Padroado cede a palabra ao tesoureiro da XR, quen presenta a información da xestión económica do ano 2022.

A xestión económica do ano 2022 foi un exercicio complexo, en especial polos nosos escasos recursos, tanto humanos como financeiros. O orzamento ordinario xuntáronse as achegas extraordinarias das institucións que xeraron un importante volume extra de xestión e financiamento que tivo repercusión no resultado final, xa que en canto precisamos de máis financiamento para afrontar as actividades comprometidas coas institucións subvencionadoras xerouse máis gasto.

En canto á Conta de Perdas e Ganancias:

1.- Tivemos un déficit de 70.209,79 €, pola existencia de gastos relevantes no exercicio corrente. Sobre 2021 supón reducir o déficit en 51.095,68 €. Unha vez descontados os gastos extraordinarios derivados da posta en marcha da nave de Sergude, o déficit de operacións reduciuse a 20.000,00 €. O excedente de actividade diminúe en 59.140,71 € sobre 2021.

2.- Ingresos:

Aumentaron en 16.277,21 € as cotas de usuarios.

Os ingresos de actividade aumentan en 17.713,51 €, cabe destacar que este incremento se debe aos 21.688,08 € que aumentaron os ingresos por entradas.

3.- Gastos:

O gasto en persoal reduciuse en 22.894,95 € xa que as limitacións para a contratación temporal motivou que para determinadas actividades se contratase a prestación do servizo con empresas e non contratando persoal.

Os gastos de actividade aumentan en 79.229,51 €

Os gastos de acondicionamento da nave de Sergude son de 46.480,93 €

Houbo 18.392,59 € de gasto en transporte, por traslado de pezas a Sergude e o Museo.

As necesidades de buscar financiamento para realizar os gastos despois recuperados con cargo a distintas achegas públicas, dada a dilación temporal entre xustificación e ingresos, motivaron un aumento dos gastos financeiros de 5.299,81 € respecto de 2021, aínda maior pola suba dos tipos de xuro.

Temos un importante incremento de amortización, polo segundo ano completo do investimento nas salas realizado no 2019 e 2020.

En canto ao balance de situación:

Activo:

Aínda que non hai un incremento importante xa que o activo total crece 91.420,07 €, si que hai cambios importantes na composición do mesmo.

O Activo non corrente incrementase en 593.443,05 € polo incremento do inmovilizado material que reflicte a compra da nave e as novas salas.

O activo corrente redúcese en 502.022,98 € pola redución do importe de fondos en bancos pola compra da nave (-474.797,03 €).

Pasivo:

O Patrimonio neto ten un incremento de 117.577,34 €.

O pasivo corrente diminúe en 26.157,27 €

Se consideramos os rateos comparando co exercicio anterior, temos unha mellora das posicións, agás na liquidez polo investimento do efectivo en inmovilizado (nave de Sergude).

	2022	2021
Rateo Liquidez	3,476	7,446
Activo corrente/Pasivo corrente		
Rateo solvencia	26,520	18,938
Activo total/Pasivo corrente		
Rateo de endebedamento	1,039	1,056
Pasivo total/Patrimonio neto		
Rateo Calidade débeda	0,038	0,053
Pasivo corrente/Pasivo total		
Rateo de autonomía financeira	0,962	0,947
Patrimonio neto/Pasivo Total		

Agarda en todo caso que se manteña a evolución e poder pechar o exercicio deste ano aínda con mellores datos.

Rematadas as intervencións, ábrese unha quenda de intervencións. Non se produce ningunha e pasamos ao seguinte punto na orde do día.

4. INFORME DA DIRECCIÓN DO MUSEO.

Toma a palabra o director do Museo quen procede a presentar de forma resumida o informe de xestión da Dirección (anexo 2).

Rematada a presentación do informe, ábrese unha quenda de intervencións. Solicitan a palabra D. Xoan Xosé Molina Vázquez e D^a. Carme Guitián, secretaria da Asociación do Traxe Galego. O primeiro para solicitar máis información sobre as humidades e estragos existentes na ampliación do Museo na ala sur, e a segunda para agradecer ao Museo que se permita á entidade empregar as súas instalacións cando llas teñen solicitado.

Non habendo máis intervencións, pásase ao seguinte punto da orde do día.

5. INFORME DA OFICINA DE SOCIAS E SOCIOS

D. José Zambrano Casas, representante das socios e socios no Padroado, informa das actividades realizadas pola Oficina dende maio de 2022 ao día de hoxe:

- Remataron de clasificar e imos pór en breve, para ser consultadas, as fotos de carácter etnográfico das exposicións "ENTREAMIGOS", que se veñen organizando desde o ano 1994, bianualmente, e que este ano se vai inaugurar, máis unha vez, despois de terse celebrado a Asemblea de socios e socias, no claustro do primeiro andar.
- Así mesmo, presentaron ao Consello de Goberno, e foi aprobada, a proposta de texto para o Boletín de inscrición de socios e socias do Museo do Pobo Galego.
- Xa está para consulta na Web do Museo do Pobo Galego, no apartado de socios e socias, as actividades que temos organizado. Están xa pendurados os anos 2022 e 2023, e seguen cos traballos de anos anteriores.
- O representante de socios responsable de actualizar o portal dixital é D. José Zambrano Casas.

Por último manifesta que socias e socios están sempre comprometidos a organizar actividades, co albo de facer novas incorporacións ao Museo do Pobo Galego.

Rematada a súa intervención a presidenta expresa o seu agradecemento e pasa ao seguinte punto na orde do día.

6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS

Non hai.

A presidenta do Padroado agradece aos presentes a súa asistencia, indicando que unha vez se peche a asemblea de procederá á imposición de insignias de prata do Museo do Pobo Galego polos seus 25 anos de antigüidade na institución.

Non habendo máis asuntos, levántase a sesión sendo as 13:15h horas, de todo o que como Secretario dou fe.

Rematada a sesión, procédese á IMPOSICIÓN DA INSIGNIA DE PRATA DO MUSEO A SOCIOS E SOCIAS CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE na institución.

Reciben a insignia, por cumpriren con tal condición as seguintes persoas:

- 1338 ANA BELÉN ESTEVEZ LAVANDEIRA,
- 1339 ASOCIACIÓN CULTURAL MARÍA CASTAÑA DE LUGO,
- 1340 XULIO REY VÁZQUEZ,
- 1341 MANUEL X. XIRÁLDEZ GONZÁLEZ,
- 1342 MANUEL SUÁREZ VARELA,
- 1345 ASOCIACIÓN. CULTURAL "TAMPARRANTAN" DE SANTO TOMÉ DE VEA
- 1349 MANUEL BLANCO VILLAR,
- 1351 MONTSERRAT RIVERA CRESPO,
- 1353 FRANCISCO COLLANTES CAROLLO,
- 1360 INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA XESÚS FERRO COUSELO DE OURENSE
- 1361 INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA PLURILINGÜE DE AMES
- 1362 RAMIRO COMBO GARCÍA,
- 1365 LUZ MARTÍNEZ CARDOSO,
- 1366 MERCEDES TILVE COSTAS,
- 1367 CARLOS BLANCO GARCÍA,
- 1370 AMADORA LOJO VILAS,
- 1372 BOA COR S.A

1378 PATRICIA PEREZ DORADO,
1379 MOISÉS JANEIRO NOVO,
1380 M^a. JESÚS SALINAS PORTUGAL,
1381 J. LUIS VALCÁRCER LÓPEZ,

A quen non puideron asistir ao acto seralles remitida a insignia e o diploma.

V^o e prace, a presidenta,

Concepción Losada Vázquez

Uxío Breogán Diéguez Cequiel

ANEXO 1: PROGRAMA CONMEMORATIVO DO CENTENARIO DO SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS.

SIMPOSIO OU CONGRESO

- Os contidos do Congreso deberán ter en conta a valoración da acción galeguista en todos os ámbitos das doce Seccións con que contaba o SEG.
- A produción das Seccións foi desigual, polo que cabería agrupar algunhas e dar precedencia a outras.
- Cuestión importante a non esquecer é a presenza das mulleres no SEG
- Resulta de especial interese a edición das actas deste congreso para que queden como resultado permanente da conmemoración. Quen ten acreditada pola súa traxectoria maior capacidade de organización e, no seu caso, edición das actas é o Consello da Cultura Galega.
- A modalidade de congreso será por encargo de relatorios a especialistas expertos. As datas reservadas, de momento, son os días anteriores ao 12 de outubro de 2023
- Estableceuse un comité organizador específico no que o representante do MPG nomeado polo Consello de Goberno é o noso presidente anterior, Justo Beramendi. A representación institucional no comité de honra vaina exercer a Presidenta do Padroado.

EXPOSICIÓN

- A Secretaría Xeral de Cultura ten previsto organizar unha gran exposición na Cidade da Cultura, comisariada polo profesor R. Villares Paz. Colaboraremos institucionalmente como corresponde no que estea na nosa man. Está en marcha.
- No MPG establecerase unha actuación sobre a colección permanente que resalte a súa continuidade coas propostas de etnografía do SEG (a modo de itinerario marcado e con complementos expositivos) que, sen retirar as pezas expostas das salas e sen limitarse a unha sala concreta, defina e presente os nosos visitantes a íntima relación entre o SEG e o MPG, a través das figuras de Xaquín Lorenzo, Antonio Fraguas, Xosé F. Filgueira Valverde, Ramón Martínez López e outros persoeiros vinculados directamente ao Museo, así coma os nosos fondos materiais e documentais
- A organizar na sede do museo, en datas sen determinar do primeiro semestre de 2023.

PROGRAMA DE CONFERENCIAS EN DIVERSAS LOCALIDADES DE GALICIA

- Ao longo de nove meses organizaranse conferencias, lecturas e recitais, música, teatro, a celebrar en diferentes localidades vinculadas a membros ou traballos do SEG,
- O Museo do Pobo Galego encargárase directamente dun programa básico en 9 localidades e poderá coordinar accións similares propostas e organizadas por outras entidades, dentro dun programa de itinerario e calendario conxuntos.
- A vicepresidenta xa requiriu a colaboración dos nosos patróns e patroas na organización dos actos nas distintas localidades.
- Procurárase tamén a participación das Deputacións, os Concellos e outras entidades colaboradoras. Será de interese especial conectar con centros de ensinanza (CEIP ou IES) que levan nomes de persoas do SEG.

LOCALIDADES CON ACTOS DIRECTAMENTE ORGANIZADOS POLO MUSEO DO POBO:

- En desenvolvemento do programa aprobado pola Asemblea do Padroado en decembro para conmemorar o centenario do SEG, que demos en chamar O SEG polo país adiante, comezamos o 23 de marzo, no Museo, cunha conferencia de Aurora Marco sobre as Mulleres do SEG.
- O 28 de marzo, en Lugo, tivo lugar unha conferencia do patrón Francisco Calo Lourido sobre a significación histórica e cultural do SEG na Galicia do século XX, en colaboración co Club Cultural Valle-Inclán. O 3 de setembro está programada unha mesa redonda sobre o SEG en Lugo, na que colabora a Asociación Lugo Patrimonio. Os responsables da organización son Felipe Arias e o patrón electo Adolfo de Abel.
- O 30 de marzo, aniversario de Fermín Bouza Brey, celebrouse en Pontearreas un acto en colaboración co IES Pedra da Auga, organizado e dirixido polo patrón Clodio González Pérez.

- O 4 de abril o Concello de Boiro acolleu un acto institucional en homenaxe a Ramón Martínez López no aniversario do seu nacemento, organizado pola patroa Mercedes Rozas e por Amancio Liñares, coa colaboración da Concellería de Normalización Lingüística e Memoria Histórica. En setembro haberá unha actividade cos centros docentes no Museo e unha mesa redonda en Boiro, en colaboración coa Concellería de Cultura.
- O pasado sábado 6 de maio 20h00, en Escairón, Xosé Ramón Fandiño Veiga impartiu unha conferencia sobre o Seminario de Estudos Galegos, Pura Lorenzana e Xan de Forcados. Colaboraron o Concello do Saviñao e o Círculo Saviñao. A véspera os alumnos do centro escolar visitaron o dolmen de Abuime, explorado por Cuevillas, Fraguas e Pura Lorenzana, membros da sección de Arqueoloxía do SEG.
- O acto próximo será o 16 de maio, cunha conferencia de X. Amancio Liñares Giraut no IES Xulián Magariños de Negreira, sobre Xulián Magariños e o SEG. O Concello vai contratar unha persoa para que catalogue a biblioteca de Magariños, que está na Casa da Cultura.
- O 1 de xuño as patroas Patricia Arias e Fuco Sanjiao farán cos centros escolares de Cotobade unha actividade que, se o tempo o permite, terá o epicentro no vello cemiterio parroquial de Loureiro, onde está o sepulcro de Florentina, a moza que inspirou a Castelao e mais a Fraguas. Cóntase coa colaboración do Concello de Cerdedo-Cotobade e da Fundación Antonio Fraguas.
- Sábado 17 de xuño o patrón Xosé María Lema organiza en Baio unha xornada cunha conferencia de Xosé María Rei Lema titulada «Ramón Francisco Romero Lema. A fundación do SEG segundo a súa versión», seguida dunha mesa redonda sobre a familia Romero Lema. Colaboran o Concello de Zas e a Comisión Enrique Labarta para as Letras Galegas.
- O Museo celebrará o 28 de xuño, aniversario do plebiscito do Estatuto e da chegada dos restos de Castelao á igrexa de Bonaval, un faladoiro en torno ao espírito do SEG en Compostela, coa participación dos patróns Uxío-Breogán Diéguez, Xosé Ramón Fandiño, Encarna Otero e Xosé Manuel González Reboredo.
- A nosa presidenta, Concha Losada, está a traballar cos Concellos de Ames e Santiago e mais coa USC na organización da andaina do 12 de outubro desde Compostela ata Ortoño. Este mesmo xoves a presidenta, xunto coa patroa electa Pilar Sampedro e dous membros da USC, fixeron unha camiñada preparatoria.
- Outras actividades están pendentes de concretar ou fixar data, dependendo da celebración das eleccións municipais do 28 de maio: Betanzos e Salvador Cabeza de León, Lalín e Ramón María Aller, Laxe e Isidro Parga Pondal, Lobeira e os irmáns Lorenzo Fernández.

PARTICIPACION NO PORTAL PARA CENTRALIZAR A INFORMACIÓN DO 100- SEG

- A proposta do comité de organización conxunta creouse un portal específico sobre o centenario do SEG dentro do aloxamento dixital do Consello da Cultura Galega.
- - O MPG enlazou este portal na súa páxina WEB
- - O MPG remite os documentos e datos de interese a este sitio dixital para seren publicados.
- - O CCG encargou un logotipo e imaxe corporativa para este sitio dixital e para a elaboración de cartalaría, documentos e outro material conmemorativo do centenario.
- - No portal habilitouse un repositorio de materiais relacionados co SEG para o seu libre emprego por centros de ensino, investigadores e todas as persoas e entidades interesadas.
- - Neste punto pode accederse en todo momento ao calendario actualizado coas correspondentes achegas.

ACTO CONMEMORATIVO NA DATA OFICIAL DO CENTENARIO

- O 12 de outubro de 2023 celebrarase o centenario da fundación do Seminario de Estudos Galegos no castro de Ortoño. Na data precisa do centenario, organizarase unha andaina Santiago- Castro de Ortoño que rematará cun acto institucional no castro de Ortoño. Cadra en xoves e é día feriado.
- O Museo do Pobo Galego propón e coordinará a iniciativa xunto cun comité organizador específico dentro do programa conxunto 100-SEG.

ANDAINA

8.30 saída da Alameda de Santiago

11.00 parada técnica

12.00 chegada ao Castro de Ortoño

Necesidades anticipadas: Protección civil , Seguridade viaria

ACTO INSTITUCIONAL NO CASTRO DE ORTOÑO

12.30 Acto institucional

- Presentación e xustificación do acto
- Concello de Ames / Concello de Santiago
- Consellería de Cultura

14.00 Romería con música e xantar

Transporte de retorno (buses)

PRINCIPAIS ENTIDADES COLABORADORAS: Concello de Santiago, Concello de Ames, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade da Coruña, Universidade de Vigo

FINANCIAMENTO:

- Para a andaina poderíamos contar coa axuda de:
 - o As tres Universidades a través dos seus correspondentes programas de promoción do sendeirismo
 - o Asociacións de sendeirismo e grupos de andainas de centros socioculturais da cidade dentro dos seus presupostos.
 - o Os concellos de Santiago e Ames que se ocuparán de protección civil e seguridade viaria no seu termo.
- Para o acto institucional no Castro de Ortoño Contaremos ca Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades, quen dispón de maior capacidade para a contratación e organización deste tipo de eventos.

ANEXO 2: INFORME DE XESTIÓN PARA A ASEMBLEA DE SOCIOS E SOCIAS DO MUSEO DO POBO GALEGO DO 13 DE MAIO DE 2023 PRESENTADO POLA DIRECCIÓN DO MUSEO

Presentamos este informe de xestión por parte da dirección do Museo das actividades e xestións realizadas desde a última asemblea de socias e socios celebrada o 7 de maio do ano 2022, a primeira dentro da normalidade pospandémica.

Penso que teño dito en todas as asembleas (tanto de Socias como de Padroado) celebradas desde decembro de 2019, a primeira na que participei como director, que este Museo medrou, segue medrando, mais os recursos e medios para atender as medras e o normal desenvolvemento do día a día non aumentan, por non dicir que minguan. Urxe procurar máis recurso e poder ter medios e persoal para sermos capaces de poder ofrecer un servizo axeitado e de calidade. Somos unha institución senlleira, pero os nosos medios non o son.

1. NOVAS SALAS E ALA SUR

Un dos temas que nas últimas asembleas vimos falando é o das novas salas e o da ala sur.

Desde maio de 2022 en que informamos da apertura da 1ª fase das Salas de Historia o 25 de xaneiro de 2022, aínda que xa quedaran montadas desde o mes anterior, desde entón avanzamos na montaxe da parte relativa á idade Media e Moderna, xa ocupando o espazo da ala sur e está pendente a parte contemporánea na que comezaremos a traballar a partir de agora.

Hai que recoñecer certo retraso na construción destas novas salas, por mor dunha serie de circunstancias. Xa se ten falado da falta de comunicación entre o edificio conventual e a ala sur que levou, primeiro, a cambiar a planimetría orixinal e, segundo, mais non menos importante, a problemas de humidades sobre o espazo onde se ten que construír a pasarela para facilitar o paso dun edificio ao outro. Falar de humidades é ser moi benévolo, pois realmente cando chove fóra tamén chove dentro do Museo, ás veces como quen as envorca, e tivemos que pechar en varias ocasións o paso pola escaleira real, porque se acumulaba tal cantidade de auga que non se podía pasar se non calzabas botas de auga. Ademais, a humidade infiltrouse nos muros e está ennegrecendo e rompendo o cal, tanto das paredes como do teito. Un grave problema que hai que solucionar. É unha mala imaxe.

Outros motivos foron o baleirado dos fondos que alí tivemos que colocar para poder construír a sala I, *Das orixes á Gallaecia*, como retrasos na construción do mobiliario e problemas á hora de buscar pezas para completar o discurso expositivo. Así como para outras épocas da Historia o Museo ten fondos, o que non impediu buscar tamén máis fóra das nosas coleccións, no relativo á parte medieval non temos nosos fondos esa dispoñibilidade, como tampouco a encontramos fóra.

Retraso si, pero a construción estaba feita xa antes do Nadal e só faltaba colocar nas vitrinas algunhas pezas.

A parte das salas de Historia, na ala sur están agora tamén dúas salas de exposicións temporais (antiga sala de imprenta e o espazo C na antiga capela), unha sala para actividades onde especialmente o DEAC realiza parte do seu programa coa rapazada, espazos de traballo do persoal (DEAC, Exposicións, Colección, APOI, Dirección e Administración), xunto cun espazo para reserva de fondos, onde especialmente está a colección de téxtil, un dos fondos máis importantes que gardamos.

E, todo isto, á espera da construción da pasarela de unión entre os dous edificios e da rampla exterior de acceso para cadeiras de rodas. Como tratar de amañar as humidades.

2. EXPOSICIÓNS

Distinguímos entre exposicións propias, producidas polo Museo, e exposicións de acollida, producidas por outras institucións ou entidades. Asemade, intentamos mover por diferentes lugares exposicións producidas por nós e exhibidas anteriormente no Museo. Interesa montar exposicións propias e facer visibles os nosos fondos, moitos e interesantes, mais para iso necesitamos medios dos que estamos escasos e persoal para traballar con eses fondos.

Hai que dicir que a colocación de parte das Salas de Historia no espazo do chamado Salón Real, espazo que se viña dedicando para exposicións temporais, xunto coa instalación do mapa de Fontán no corredor do claustro alto, levounos a unha perda de espazos para exposicións temporais que, en parte, recuperamos coa apertura da ala sur. Isto significa, como mínimo, ter unha persoa máis de vixilancia e poder abrir ese espazo, un gasto máis. Isto levounos a decidir un horario distinto ao de apertura do

Museo ao público. Así, para as exposicións que se monten na ala sur, temos un horario de tarde, de 16:00 a 20:00 horas.

Neste período de tempo que vai de maio a maio realizáronse as seguintes exposicións, entre propias e de acollida, que foron un total de dezaseis:

2.1. EXPOSICIÓNS PROPIAS

Comezamos o ano que corresponde a esta memoria, maio de 2022, coa tradicional mostra sobre a personaxe á que se lle dedica o Día das Letras Galegas, nesta ocasión Florencio Delgado Gurriarán, exposición biobibliográfica producida desde o departamento de Biblioteca e Arquivo. E, xa neste maio 2023, coa a dedicada ao personaxe deste ano 2023, Francisco Fernández del Riego.

O 8 de xuño inaugurouse a mostra *Proxecto Colosso*. Unha lectura desde hoxe dunha invención arqueolóxica con repercusións a un lado e ao outro do Miño. Persoalmente entendo que un museo cun discurso etnográfico ten que facer etnografía do presente, como atender a ollada que pode facer a xente das artes visuais. Esta mostra ía neste sentido. A exposición tamén estivo no Centro Internacional das Artes José de Guimarães da cidade de Guimarães.

Do 17 de novembro ao 30 de abril de 2023 estivo a mostra *Co sentido do común. Homenaxe a Gustav Henningsen e Marisa Rey*, de fondos da magnífica doazón que fixeron este casal dinamarqués.

Na ala sur, na antiga sala de imprenta, e coincidindo coa MICE, estivo a mostra e *performance* da artista visual Marta Valverde.

Na Biblioteca Baltar, aproveitando os numerosos libros que sobre Pablo Picasso hai neste fondo, temos desde mediados de abril unha mostra sobre este artista aproveitando o 50 aniversario do seu pasamento.

No mes de abril tivemos na antiga sala de pintura a exposición participativa *Cartografías téxtiles*, unha mostra que se foi construíndo sobre a idea de lugar e coa participación de varios colectivos, como Agadea ou estudantado de varios centros escolares (IES Rosalía de Castro, IES Monte Castelo, CEIP Santiago Apóstolo), o que trouxo moita participación; tamén se fixo un fiadeiro por un colectivo de mulleres, Fiadeiro Lupanario de Vilagarcía de Arousa, xunto con outras actividades. A idea xorde en Portugal, viaxou por varios lugares e agora vai ir a Brasil.

E, sen ser unha exposición, senón unha colaboración con Agadea dentro da campaña Alzheimer polo Día da Arte, colocamos nunha das xanelas do claustro baixo o deseño dunha vidreira feita polos xente usuaria desta entidade.

2.2. EXPOSICIÓNS DE ACOLLIDA

A mostra *Florencio Delgado Gurriarán. Bebedeira de ensoños*, da Consellería de Cultrua, Educación, Formación Profesional e Universidades, quedou aberta ao público no claustro alto o 15 de setembro.

O 4 de outubro abrimos a exposición *16º Premio Luís Ksado* de creación fotográfica da Deputación da Coruña. O deputado de Cultura da Deputación, Xurxo Couto, e o comisario da mesma, Xurxo Lobato, así como varios dos premiados estiveron no acto de inauguración.

Outubro 19. Inauguración no claustro baixo da mostra *Traslato II. O patrimonio dos camiños do mar a Santiago*. Na inauguración participou a comisaria do Xacobeo, Cecilia Pereira, e a directora xeral de Pesca, Susana R. Carballo.

O 3 de novembro inauguramos a exposición do fotógrafo esloveno Janez Kramar, coa presenza do embaixador de Eslovenia en España, Robert Krmelj.

O 22 de novembro abriuse ao público a mostra *40 anos. # Estilo Roberto Verino*. Fotografías sobre o estilo do deseñador verinés. A mostra foi acollida a proposición do Concello de Santiago de Compostela e estivo aberta até despois de Reis.

Do 23 de marzo ao 7 de maio estivo no claustro algo *Elas (tamén) migran* de Médicos do Mundo. Na inauguración contamos coa presenza de Susana López Abella, Secretaria Xeral de Igualdade, e Gema Filgueira, presidenta de Médicos do Mundo en Galicia e actuando o cantautor Rafael Briceño.

2.3. EXPOSICIÓNS DE ITINERANCIA

Estamos interesados en levar as nosas exposicións a outros lugares de Galicia. Para iso tamén nos gustaría contar coa axuda das socias e socios, que nos fagan contactos con centros e lugares a onde nós non damos chegado por descoñecemento ou por outros motivos. Ás veces tan simple como presentarnos unha persoa ou dicirlle a alguén dun concello das nosas exposicións.

O 13 de maio inaugurouse en Vigo no Museo do Mar de Galicia a exposición de *Ons soa*.

Coreografías do facer.

Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen estivo en Carboeiro a comezos de xuño, nos Encontros de Música Tradicional.

E o 16 de novembro acadamos á Casa de Cultura de Mesía para inaugurar a exposición *Coreografías do facer. Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen*, mostra que despois estivo en Vilasantar.

E seguimos intentando buscar novos lugares para levar as nosas exposicións, algunhas fáciles de mover e colocar. Así, pronto estará aberta no Punto de Atención á Lectura do Corgo (PALCO) unha mostra de fotografías de Hixinio Flores producida polo Museo hai xa uns anos.

3. COLECCIÓN

A colección medra dun día para outro. Hai xente que se achega ao Museo porque quer que obxectos que forman parte do seu patrimonio persoal ou familiar, cousas que gardan memoria e entenden poden ter un valor para a sociedade, un valor de memoria social, que deben preservarse para as xeracións futuras, e perciben que o mellor espazo para estaren é o Museo do Pobo Galego, e o Museo si se compromete a coller e gardar eses fondos, ten que facelo en condicións axeitadas, garantir esa preservación. Agora co medre dos espazos dispoñibles para fondos temos mellores dispoñibilidade e condicións, mais non persoal suficiente para catalogalo, estudalo e difundilo. Así, o ano pasado empezamos o proceso para colgar a colección na web, algo fundamental para difundila e coñecela, mais este ano non puidemos seguir por falta de medios, polo que, de momento, non é accesible e non estamos dando ese servizo

O total de rexistros dos nosos fondos neste momento é de 15.900 e quedan pezas aínda sen rexistrar e non só as que entraron ultimamente. Todas as pezas que entraron (114 rexistradas), agás dúas miniaturas de Rosa López Comunión, foron doazóns.

Ademais, debido ás obras realizadas no edificio nestes anos, os fondos da colección tiveron que ir dun lado para outro en varias ocasións. Como o lateral norte quedou para a biblioteca e arquivo, os fondos de obxectos que estaban nese espazo foron trasladados aos novos espazos. Neste momento as pezas están xa nos sitios que destinamos para o seu depósito permanente: unhas, as máis voluminosas, na nave de Sergude e, outras, as máis sensibles, na ala sur, ben no baixo cuberta (a cerámica popular), ben no lateral leste do primeiro andar (têxtil), ben no corredor (pintura) ou ben na esquina suroeste (arquivo fotográfico e outros). Mais necesítase móbeis (estantes, armarios, percheiros) para dispoñelas axeitadamente e en boas condicións de accesibilidade e conservación. Está pendente, pois, un traballo, que se ten que facer aínda e que vai levar o seu tempo e o seu gasto, de ordenación, clasificación, arquivo e distribución das pezas por tipo, materiais e natureza das mesmas. Traballo para o que precisamos tempo, persoal e medios. Traballo que non pode facer unha persoa soa.

3.1. PRÉSTAMO EXPOSICIÓNS

Tamén se prestan pezas para exposicións que fan outra entidades:

Para a mostra *Santiago de Compostela no tempo*. Fundación Cidade da Cultura – Afundación. Prestamos as obras: Virxe da Porta do Camiño, Xerra da Botica do Hospital Real, Cadeiras de Rexedores do Concello de Santiago e cofre ou caixa de caudais de ferro.

En depósito, un banco de carpinteiro e unha serra portuguesa para o Centro de Interpretación da Carpintería de Ribeira do Concello de Outes.

Dúas pezas da botica do antigo Hospital foron prestadas para a exposición *A Galicia deseñada. Símbolos, marcas e identidades gráficas*, celebrada na sala A Normal da Coruña en novembro e decembro de 2022.

Un “caldeiro do polbo” está nestes momentos na exposición *Lugo no tempo*, na cidade de Lugo.

O “pucho” do Vello dos contos prestouse para a exposición *90 anos de Radio Galicia* na Casa do Cabido.

A “Serea”, de Burla Negra, prestouse para a exposición *Sempre máis. Arte, ecoloxía e protesta na Galiza do Prestige* que está no Auditorio de Galicia e logo irá a Pontevedra e á Coruña.

Varias pezas relacionada co pan estiveron na *I Ferira do pan e do cereal* organizada polo Concello de Ames o día 6 de maio.

Dúas pezas, “espadeira Otero Pedrayo” e “maqueta de casa”, dos fondos do Seminario de Estudos Galegos estarán na exposición *Luz na terra. A obra do Seminario de Estudos Galegos* que organiza a Cidade da Cultura e que se inaugurarán a finais de xuño.

O plano de Antonio Palacios “Proxecto de reforma dos accesos á Catedral. Rúa Galicia” irá a unha mostra que sobre este arquitecto se fará en Madrid no outono, como unha reprodución do mesmo se fixo para outra mostra que se vai facer en Compostela tamén por esas datas. Como se cedeu unha placa, do fondo municipal, conmemorativa do primeiro centenario da Real Sociedade Económica de Amigos del País que colocaron na entrada da súa sede.

3.2. ARQUIVO GRÁFICO

Están catalogadas preto de 400 fotografías, pendentes de dixitalizar para que sexan accesibles desde o programa de arquivo documental do Museo. Dispoñemos dunha colección importante de fotografía histórica e deberíamos continuar con este traballo de catalogación e dixitalización para poñela a disposición da cidadanía e, tamén, para poder facer unha exposición temporal.

Ademais de todo isto, seguíuse co traballo ordinario, do día a día, facendo:

- catalogación das pezas que van chegando e das que quedaron sen facer nestes anos de obras e movementos
- catalogación de fotografías e postais
- xestións de préstamos para exposicións temporais
- atención ás consultas sobre os fondos, especialmente as que chegan por vía correo electrónico.

Temos pendente rematar a revisión das fichas pasadas da vella base de datos á nova para poder colgalas na páxina web e facer accesibles os fondos a un público xeral. Este proceso está parado desde o ano pasado en que grazas a unha achega da Deputación da Coruña tivemos unha persoa contratada facendo esa revisión e chegando á metade do número de fondos revisados. Como se vai construindo o programa a medida que se vai traballando con el e adaptalo ás necesidades do Museo. Ante todo este traballo que temos por diante precisaríase máis persoal e máis medios para poder organizalo de cara ao futuro e poder dar un bo servizo á cidadanía. Durante este semestre contouse coa axuda dunha persoa, de Alexa García Pose, catro meses a media xornada.

4. BIBLIOTECA E ARQUIVO

O funcionamento do departamento que engloba Biblioteca e Arquivo documental (BAD) viuse afectado polos cambios e mudanzas que se fixeron no Museo implicaron unha fonda reestruturación do espazo dedicado á BAD, xunto cunha baixa médica de 2 meses e que foi cuberta menos dun mes. Xunto a isto hai que ter en conta a chegada de fondos

4.1. INGRESO DE FONDOS

O intercambio e doazón privadas e/ou institucionais seguen a ser a maneira de incorporación de fondos máis habituais.

Monografías		
Ingresos maio-maio		1.047
	Total rexistros	66.967
	Total volumes	76.587
Publicacións periódicas		
	En curso	103
	Total (prensa+revistas)	2.886

Amais dos intercambios e pequenas achegas queremos destacar:

O arquivo da pianista Rosita López Comunión, viuse incrementado con novos documentos (cartas e postais, recortes de prensa, programas, etc.), en proceso de tratamento técnico.

O 7 de outubro de 2022 asinou a acta de doazón do fondo arquivístico denominado *Comandante Xurxo Soutomaior*, por parte de Xurxo Martiz Crespo.

Na biblioteca persoal do anterior director, Carlos García Martínez, fixemos unha escolma de aqueles libros máis senlleiros e afíns aos seus intereses intelectuais e que non tíñamos no Museo. Feita a selección queda pendente a catalogación e incorporación ao catálogo telemático.

Con este mesmo sentido de non duplicar/quintuplicar fondos, estase procedendo á selección da importante biblioteca do patrón Xosé Manuel González Reboredo.

Temos que agradecer a Gráficas Sementeira, de Noia, todo o material que a través de Clodio González Pérez estamos a recibir. Carteis e folletos desde 1970 ata hoxe. Este material incrementará cuantitativa e cualitativamente o xa relevante fondo de carteis do Museo.

Fundicións Franco Grande, por mediación do Patrón Carlos Sierra recibimos unha documentación variada relacionada con Fundición Franco. En proceso de valoración e clasificación.

4.2. CONSULTA E DIFUSIÓN.

Amais do servizo que se presta a todos os departamentos do propio Museo, a súa primeira función é servir de apoio a institución, atendemos consultas externas, tanto presenciais, como telemáticas ou telefónicas. Estas dúas últimas adoitan ser resoltas pola mesma vía, aínda que moitas veces son un primeiro contacto para achegarse a nós.

Nestes meses tivemos 170 consultas presenciais, 121 consultas telemáticas ou telefónicas e 13.206 consultas en liña. Hai que sinalar que o Arquivo non só se pode consultar a través do noso propio programa, senón tamén a través de Galiciana Patrimonio Dixital e estas consultas non as contabilizamos.

Consultaron os nosos fondos persoal da USC, UDC, UVI, Ateneo de Santiago, El Patito Editorial (Proxecto Mulleres), Museo Marea, Fundación Brandomil, Consello da Cultura Galega, Consorcio de Santiago e Casino de Santiago, entre outros.

Queda patente que a medida que engadimos referencias e rexistros tanto na Biblioteca como no Arquivo hai un maior interese polos nosos fondos, o que evidencia a necesidade de seguir clasificando e aumentando o volume de ítems co obxectivo de facilitar a investigación e mellorar coñecemento da nosa cultura, unha das finalidades deste departamento e do Museo.

Coa intención de que a sociedade teña coñecemento dos nosos fondos e das posibilidades que o Museo pode ofrecer estamos presentes en exposicións alleas con préstamos temporais. No caso da Biblioteca:

- *O poder da palabra: 40 anos do Parlamento de Galicia*, mostra itinerante do Parlamento de Galicia que leva percorridas xa varias sedes.
- *María Casares, Pedro Soler. Collioure, 1989*. No Museo Centro Gaiás
- *Unha árbore de historias. Cen anos de literatura infantil e xuvenil*. Na Biblioteca de Galicia.

Entre as visitas á Biblioteca destacar os alumnos 4º ciclo Historia co profesor Raúl Soutelo o 13 decembro de 2022

4.3. RECURSOS HUMANOS.

Aínda que arredor da Biblioteca creouse un excepcional equipo de voluntariado, tanto pola súa formación como pola súa continuidade no tempo (Ana Mateos, Encarna Otero, Mariví Pardo, Mercedes Pintos e María Tilve) esta axuda non pode nin debe suplir ao persoal técnico preciso para levar a bo termo todas as tarefas que son necesarias desenvolver no día a día. Deberíase procurar os recursos precisos para ter máis medios e ofrecer un mellor servizo.

Seguindo coa dinámica de prácticas titorizadas neste período estiveron Martiña Varela Rodríguez, María Martínez Vidal, Diego Portas González e María Lorenzo Rubio.

4.4. DOAZÓNS E INTERCAMBIOS INSTITUCIONAIS.

Alvarellos, Editora	Instituto Galego de Historia
Arquivo Diocesano de Santiago	Ínsua, Emilio X.
Asociación Ranceiros	Lema Suárez, X. M ^a
Beiras, Eduardo	López Andión, José M.
Beramendi, Justo	Mariño Ferro, Xosé R.
Casal, Raquel	Marín Martínez, Xoán R.
Castelao, Carlos	Martiz Crespo, X.
Centro Ramón Piñeiro	Méndez García, Rosa M ^a
Col. Oficial da Arquitectura Técnica da Coruña	Guti, Miguel
Concello de Chantada	Museo Arqueolóxico de Ourense
Concello de Vigo	Museo das Peregrinacións
Consello da Cultura Galega	Museo Etnográfico Monte Caxado
Consorcio de Fomento Musical de Zamora	Museo Etnolóxico de Ribadavia

Consortio de Santiago	Museo Provincial de Lugo
Davila, Luís	Museu Valenciá d'Etnología
Deputación da Coruña	Panise, Carme
Deputación de Ourense	Pardo, Mariví
Díaz Lage, Santiago	Parlamento de Galicia
Edicións Positivas	Rabuñal, Anxo
Editorial Chan da Pólvora	Real Academia Galega
Editorial Galaxia	Rial, Manuel
Fam. Acuña Castroviejo	Sanjiao Otero, F.
Fam. Estévez Fernández	Sociedade Cultural Fillos de Ois
Fundación Amigos del Museo del Prado	Universidade da Coruña
Fundación Brandomil	Universidade de Santiago de Compostela
Fundación Luis Monteagudo	Varona de Calviño, Sara
Fundación Plácido Castro	Vázquez-Monxardín, F. A.
Fundación Rosalía de Castro	Vilar Alvarez, M.
González Pérez, Clodio	Villares Paz, Ramón
IAACC Pablo Serrano	Xunta de Galicia
Instituto de las Identidades (Salamanca)	

5. EDUCACIÓN E ACCIÓN CULTURAL

5.1. DIDÁCTICA - ESCOLAS

Neste curso 2022-23 recuperáronse, e parece que definitivamente, as dinámicas e as cifras de demanda anteriores á pandemia. A oferta do DEAC contou con actividades e talleres presenciais nas dependencias do Museo. Entre estas actividades presenciais, contamos con algunhas deseñadas e executadas polas educadoras do DEAC como “Da vara ao carabelo” ou “Esta pedra dáme sorte”, xunto con varias coa execución externalizada por imposibilidade de asumir máis traballo, directamente, por parte das dúas persoas que están neste departamento, tendo en conta que unha desas persoas non está a tempo total. Precisamente pola imposibilidade de realizar visitas dinamizadas ou dirixidas, é que se deseñaron materiais que facilitan a execución no Museo de forma autónoma de xogos de descubrimento como “Coscobellos ao cesto!” ou itinerarios autoguiados como “Son (em) peza”.

Neste curso mantivéronse as opcións no ámbito dixital, xa que non só funcionan como reclamo para aqueles centros que por motivos como a distancia non adoitan visitarnos, senón que propostas como os paquetes dixitais de cinema escolar da *MICE Petís* cos seus materiais didácticos, teñen unha moi boa acollida nos centros escolares.

5.2. DIDÁCTICA - OUTROS COLECTIVOS

Entre os obxectivos do DEAC están ir garantindo a accesibilidade e a inclusión para todos os grupos. Hai xa tempo que vimos colaborando con distintas entidades da cidade (ASPANAES, Sarela, Down Compostela e ASPERGA) co propósito de deseñar ferramentas que faciliten o acceso universal ao Museo. Neste ano se continuou co traballo para a realización dunha guía fácil e co contacto coa ONCE para tratar de mellorar, cando menos nas salas novas que se están deseñando sen ter en conta os presupostos básicos de accesibilidade universal.

Tamén tivemos actividades coa Cruz Vermella, ATEGAL (Aulas da terceira idade), Ciencias da Educación da USC (cun taller na MICE e cunha investigación do alumnado a partir da exposición *Cartografías Téxtiles* que recalou no Museo a través do DEAC) co 4º ciclo da Universidade ou cos distintos colectivos que participaron na instalación *Cartografías Téxtiles*.

5.3. ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS

Día Internacional dos Museos. Actividades realizadas desde o DEAC de xeito coordinado con outros museos de Compostela co gallo do 18 de maio. O de 2022 xirou ao redor do lema “O poder dos museos” e contamos cun obradoiro de pandeireta e outras percusións de Carmen da Pontragha, unha visita guiada a exposición con fotografías de Henninseng organizada para a 17 MICE, *Coreografías do facer* e o itinerario sonoro Son(em)peza. En 2023, o lema é *Museos, sustentabilidade e benestar* e,

desde o DEAC, faremos accións neste sentido contando cun seminario formativo, o día 25 de maio, sobre sustentabilidade nos Museos.

Soa Bonaval. O evento está dedicado á música contando con artistas que traballan sobre os sons de raíz, o local e a cultura e a lingua propias, compoñendo músicas plenamente actuais que van desde o electrónico ao folk pasando polo pop, o rock ou o ambient. Nesta edición, celebrada o 30 de setembro e o 1 de outubro contamos co taller “Parkour Sonoro” de Nacho Muñoz; Charla e concerto de Lucía Aldao arredor do proceso creativo na súa obra centrando unha parte da intervención no seu traballo PAVA; 13h00 Sesión Vermú con Catuxa Salom. Púxose unha barra no Xardín da Ala Sur coa colaboración, precisamente, da Oficina dos socios e das socias que a xestionaron. E concerto de Paraíso Canto na Igrexa de Bonaval.

Tamén se volveu celebrar o Son(em)peza, un itinerario sonoro pola exposición permanente do Museo do Pobo Galego.

Entroido. Volvemos a unha actividade de divulgación presencial. As máscaras do entroido de Castro Laboreiro foron as protagonistas neste 2023.

18ª MICE. Do 15 ao 21 de marzo. Celebración do festival de cinema promovido polo Museo. Ademais da programación fílmica, coas seccións de competición e fóra de concurso, houbo mesas de debate, un taller de formación, programación escolar e *online*, e a inauguración do evento no Teatro Principal coa reconstrución do filme de Antonio Román, *Canto de Emigración* acompañado da música en directo da Orquestra Clásica de Vigo. Tamén se puxo en marcha, dentro do MICE Petís, a sección para os e as máis novas, un programa de educación desde o cinema coa realización de curtas de cinema etnográfico desde os centros participantes. Este ano foron tres os institutos que se sumaron á iniciativa nesta primeira edición “piloto”, O IES de Arzúa, o IES de Cacheiras e o IES da Pobra do Caramiñal, ademais do Grupo mozo do CSC Aurelio Aguirre de Conxo.

A Voltas co Baile. Esta edición o tema do encontro foi *O sentido de comunidade nos espazos e prácticas do baile*. Por mor de causas alleas á organización, o seminario deste ano non puido celebrarse na data prevista, que era o 29 de abril, a pesar de estar xa organizado e anunciado. Finalmente farase en setembro onde esperamos seguir contando tanto coa colaboración da Oficina de Socios e Socias como da Asociación veciñal “A xuntanza” do barrio de San Pedro. O que si se levou a cabo foi a actividade familiar para celebrar o Día da Danza, o Petís a voltas. Co título de “Ti és d'aquí ou vés á festa?” consistiu nunha xincana conducida por Chus Caramés onde o baile e a música foron os protagonistas.

6. COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

Desde mediados de abril temos contratado coa empresa “Seispés producións creativas” a comunicación do Museo. Era algo que víñamos solicitando desde hai tempo e, aínda que é un contrato de servizo a tempo parcial, o importante é comezar e ver que é necesario este servizo de xestión das redes sociais, xestión cos medios de comunicación e institucións ou elaboración de contidos para a páxina web. De momento isto é o acordado e desde o 15 de abril as nosas redes sociais están máis activas e a nosa visibilidade nelas é maior.

7. INSTITUTO DE ESTUDOS DAS IDENTIDADES (IEI)

Desde febreiro do ano pasado en que se celebrou o encontro *Representacións e identidades na Eurorrexión Galicia-norte de Portugal*, mirando ao norte de Portugal con xente dun lado e doutro da raia, non volvemos ter outra actividade, agás o traballo do APOI. Isto lévanos pensar que temos que buscar o xeito de activar este ente, mais, de momento, non somos capaces de atender máis fronteiras.

8. PUBLICACIÓNS

Nesta área temos un novo volume que conforma o número 5 da serie Manuais. É o libro *Foguetes e fogueteiros. A pirotecnia* de Xerardo Dasairas Valsa. A súa publicación foi posible grazas á axuda da Deputación da Coruña. Estamos xa a preparar outro volume que debería saír neste ano en curso.

9. OUTRAS ACTIVIDADES NAS QUE PARTICIPAMOS

A parte das actividades realizadas no Museo, as propias e as de acollida, tamén temos outras, como participación en cursos, eventos e de protocolo ás que asistimos.

Maio 13. Inauguración no Museo do Mar de Galicia, Vigo, da mostra *Ons Soa*, coa presenza do Secretario Xeral de Cultura, decano da facultade de Ciencias do Mar, directora xeral do parque Illas Atlánticas e a directora do Museo.

Xullo 14. Presentación do libro Justo Beramendi, galego por elección en homenaxe ao anterior presidente do Padroado.

Setembro 17. Visita dun grupo (80) persoas do Colexio de Arquitectos Técnicos, do Padroado do Museo. Recibidos pola presidenta do Padroado e polo director do Museo.

Outubro 1. Visita dos Amigos do Museo do Prado.

Outubro 5. Presentación do dvd sobre o Batallón Literario da Costa da Morte. Con Anxo Lorenzo, secretario xeral de cultura, Modesto Fraga, Pepe Formoso e o director do Museo.

Outubro 6. Gravación dun podcast para a radio galega coa traballadora do DEAC Carme Campo e o director.

Outubro 10. Gravación do programa *A porta aberta* para a tv con Producciones Celta. O programa versaba sobre o Museo e participamos a presidenta, o tesoureiro, o director e unha representante das socias e socios.

Outubro 24. Gravación do antropólogo visual mexicano M. Ángel Martínez a varias regueifeiras e persoal do Museo para a súa tese doutoral sobre oralidade.

Outubro 29. A responsable de Colección participou no *II Congreso Internacional da Máscara* na localidade leonesa de La Bañeza por convite ao MPG.

Novembro 3. As dúas traballadoras do DEAC participaron cun relatorio na *II Xornadas de Museos e Educación Patrimonial*, celebrada no Museo de Pontevedra.

Novembro 17. Damos unha conferencia dentro do ciclo organizado pola Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía que ten lugar no auditorio do Museo.

Novembro 18. Proxección do filme *Alegría*, de Luís Otero e producido por Urco producións e Ecoloxistas en Acción. Despois mesa debate moderada por Ana Freiría, de Ecoloxistas en Acción, con Luís Otero, Verónica Veres, presidenta da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao, e con Viki Rivadulla, artista muxiá.

Decembro 16. Ana Mateos, en representación da BAD, participou nas *Xornadas Técnicas da Biblioteca de Galicia O patrimonio cultural dixital en Galicia* cun relatorio na mesa "Proxectos de dixitalización en Galicia con repositorios propios".

Xaneiro 20. Participamos como convidados no seminario europeo "Urban Cultures of Participation" celebrado en Augsburg (Alemaña).

Febreiro 10. Gravación na tripla escaleira para as noticias da 6ª tv sobre a escaleira.

Febreiro 13. Gravación na escaleira sobre Andrade para un documental sobre a Historia de Cee.

Marzo 8. Capela ardente do patrón Salvador García-Bodaño.

Marzo 19. Visita dun grupo de persoas coa xerente do Consorcio de Santiago, Belén Hernández.

Marzo 24. Realizamos unha visita guiada ás persoas que asistiron a un acto de AGACA, socia protectora do Museo.

Abril 18. Acto de lembranza de Antía Cal no seu cen aniversario e entrega dos orixinais das súas obras publicadas.

10. O MUSEO ACOLLE

O Museo acolle diversas e múltiples actividades ao que lle temos que dedicar tempo e enerxías. Quero resaltar isto, porque aínda que a actividade veña de fóra ou se celebre na igrexa, para o Museo teñen tamén un custe.

Ano 2022

Maio 10. Presentación do libro *Querida liberdade. Vida e obra dun precursor do Rexurdimento. Antolín Faraldo*, de Xurxo Martínez e publicado por Alvarellos editora. Participaron o autor, o editor, Xurxo Couto e o Presidente do Padroado Justo Beramendi.

Maio 11. Igrexa e claustro. Acto da Fundación Inade con motivo do Día Mundial do Seguro.

Maio 12. Biblioteca Baltar. Gravación dunha charla entre Suso de Toro e Juancho Baltar.

Maio 21. Presentación da revista *Coralia*.

Maio 24. Conferencia de Miro Villar sobre Florencio Gurriarán organizada pola A.C. O Galo.

Maio 28. Celébrase unha voda na igrexa de Bonaval.

Xuño 1. Presentación do libro de Miguel Angel Rodríguez Lorite *Iluminación de exposiciones. De la práctica a la teoría*, publicado por Intervento.

Xuño 2. Xuntanza de mulleres da cadea de valor da industria forestal-madeira, dentro do programa ElasXeranSector, organizado pola Axencia Galega da Industria Forestal.

Xuño 8. Conferencia “Volvendo á natureza” de Manuel Ángel Bugallo Otero, organizada polo COAG. Gravación dunha entrevista a Tareixa Navaza por Nós tv.

Xuño 9. Realización dunha xornada tecnolóxica pola empresa R, socia protectora do Museo.

Xuño 11. Encontro “Galeusca pola diversidade lingüística e cultural no ámbito educativo organizado pola escola Semente, La Bressola e Ikastolen Elkartea.

Xuño 18. Asemblea da Asociación de Deseño. Igrexa, concerto de Harmonía Stellae.

Xuño 20. Reportaxe fotográfico na sala do mar polo fotógrafo Luís Polo.

Xuño 21. Día da música. Concerto da escola de música Play.

Xuño 22. Roda de prensa de Cecubo Group para presentar Ai-lalelo, música creada por intelixencia artificial que representará a Galicia no AI Song Contest.

Xuño 24. Gravación do programa musical Callesonora.

Xuño 25. Asemblea de AGAL.

Xuño 27. Visita á ala sur dun grupo do Curso de Construción en Madeira da Universidade Politécnica de Madrid acompañados por unha persoa do Consocio de Santiago.

Xuño 28. Igrexa: Entrega das Medallas Castelao. Utilizando o auditorio do Museo e outras dependencias.

Xullo 1. Visita ao Museo da Fundación Rosalía e posteriormente recital dentro do programa *Rosalía en camiño. Diálogos literarios multilingües*.

Xullo 4. Gravación dunha entrevista ao patrón Antón Santamarina pola produtora de Antón Reixa.

Xullo 5. Acto da Consellería do Mar: firma na Sala do Mar dun “manifesto en defensa da pesca, do marisqueo, da acuicultura e da cadea mar-industria europea” pola conselleira de pesca e representantes de diferentes entidades do mundo do mar.

Xullo 6. Entrevista a Ramón Lourenzo pola produtora de Antón Reixa. Charla organizada polo COAG do arquitecto Carlos Seoane baixo o título de “A alfombra vermella”.

Xullo 7. Xuntanza do Pedrón d’Ouro
Presentación da campaña PercebeDaBarca, pola Asociación de Profesionais Percebe da Barca, de Muxía.
Festival Atlántica: Proxección de *Verbas no ar* e posterior coloquio con Celso F. Sanmartín, Anxo Moure e Ernesto Muleiro.

Xullo 8. Festival Atlántica: sesión infantil e sesión para adultos con Victoria Siedlecki, narradora oral argentina.

Xullo 9. Asemblea para crear unha asociación social solicitada por Xoán Bascuas.

Xullo 16. Concerto na igrexa de Fukio Saxophone Quartet.

Xullo 24. Ofrenda de Galiza Nova no Panteón.

Agosto 4. Roda de prensa do Concello de Vedra para presentar o libro *As festas de Vedra* de Henrique Neira.

Agosto 27 e 28. Xuntanza de Agal

Agosto 27. Igrexa. Concerto de óboe con Vertixe Sonora.

Agosto 29. Gravación de entrevistas a Anselmo López Carreira, Carlos Barros e a Mariña Bermúdez Beloso dentro das actividades paralelas ao congreso do reino medieval de Galicia.

Setembro 7. Entrevista ao Patrón Clodio González Pérez para un programa da tvg.

Setembro 8. Igrexa. Concerto de Carlos Núñez dentro dun congreso de literatura da USC.

Setembro 9. Festival WOS coa colaboración do MPG na igrexa. Actuación do músico americano Mark Nelson.

Setembro 16. Roda de prensa para presentar o congreso sobre O reino medieval de Galicia. Xurxo Couto, deputado de Cultura da Deputación da Coruña, Anselmo López Carreira, curador científico do congreso e o director do Museo.

Setembro 16 e 17. Actuacións no claustro dentro do festival de danza Herdanza.

Setembro 19-22. Celebración do congreso *Regnum Totius Gallaecia. O reino medieval de Galicia*, organizado pola área de cultura da Deputación da Coruña.

Setembro 24. Xuntanza da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación.

Setembro 26. Gravación de Toño Chouza para un documental sobre o Barroco con Antía Otero.

Outubro 3. Igrexa. Concerto do coro bretón Mouez Ar Kakez.

Outubro 4. Gravación de Illa Bufarda para un documental sobre a asociación Cantigas e Agarimos.

Outubro 5. Igrexa: entrega de distincións ao mérito deportivo polo presidente da Xunta de Galicia.

Outubro 8. Primeira sesión do seminario, presencial e en liña, de Agantro: *Antropoloxía da Saúde: Etnomedicina, coidado e benestar social*.

Outubro 9. Igrexa. Concerto de Vertixe Sonora.

Outubro 13. Presentación do festival de música SiSons.

Outubro 14. Encontro *Relevo2 mocidade abordo*, organizado polo Galp do sector pesqueiro e a Consellería do Mar.

Outubro 15. Segunda sesión do seminario, presencial e en liña, de Agantro: *Antropoloxía da Saúde: Etnomedicina, coidado e benestar social*.

Outubro 22. Gravación na igrexa de X.A. Rodríguez Álvarez.

Outubro 24. Gravación dunha entrevista ao poeta Rafa Vilar por parte de ADEGA con motivo do aniversario do desastre do Prestige.

Novembro 4. Conferencia "*Camiño de Fisterra, cabo do mundo. Valores e significacións*" de Manuel Castiñeiras, Presidente do Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, actividade organizada pola Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía.

Novembro 4. Gravación no Panteón para un documental sobre Antolín Faraldo de Antón Taboada por encargo da Deputación da Coruña.

Novembro 5. Gravación na escaleira para un documental sobre o Barroco de Toño Chouza.

Novembro 10. Conferencia de Antón Pombo sobre o Camiño a Fisterra e Muxía dentro do ciclo organizado pola Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía.

Novembro 15. Presentación de *Símbolos de Galicia. O himno e a bandeira* por Vía Galega.

Gravación dun documental sobre a música de Cultura Activa dentro da programación da Deputación da Coruña.

Novembro 17. Xuntanza de Agantro.

Novembro 24. Ciclo organizado pola Asociación de Concellos do Camiño de Fisterra e Muxía. Charla do deseñador Pepe Barro, "Contar o Fin. Marca, imaxes e textos para convidar a andar até o Fin".

Novembro 26. Ruta matemática por Compostela organizada polo CAFI.

Novembro 28. Toma de fotos para o proxecto *Mulleres en Compostela* no que participa a patroa Encarna Otero.

Novembro 29. Roda de prensa do Consorcio de Santiago de Compostela para presentar ao novo director da Real Filharmonía de Galicia, co Alcalde, Xerente do Consorcio e Xerente do Auditorio de Galicia.

Decembro 5. Gravación da Fundación Brandomil na Biblioteca.

Decembro 8. Concerto na igrexa de Amigos da ópera.

Decembro 10. Acto organizado por Médicos do Mundo.

Decembro 13. Celebración do *I Congreso de modistas de Galicia*.

Decembro 14. Gravación dunha entrevista á poeta Ana Romaní por Xosé Bocixa.

Decembro 15. Gravación dunha entrevista a Teresa Táboas por Nós tv.

Decembro 16. Gravación de recursos para un vídeo sobre o RIS3 pola Axencia Galega de Innovación da Consellería de Industria.

Gravación dunha entrevista por Xosé Bocixa.

Decembro 19. Gravación dunha entrevista ao patrón Uxío-Breogán Diéguez.

Realización de fotografías de inscricións romanas por parte da Fundación Luís Monteagudo para un Corpus epigráfico.

Acto de presentación dun programa europeo sobre linguas minoritarias polo Centro Dramático Galego.

Realizado na escaleira helicoidal coa presenza do Secretario Xeral de Política Lingüística Valentín García, do Secretario Xeral de Cultura Anxo Lorenzo, do director do AGADIC Jacobo Sutil e do director do CDG Fran Núñez.

Ano 2023

Xaneiro 7. Ofrenda da Fundación Castelao no Panteón. Entraron e saíron polo Museo e utilizaron o claustro para ofrecer un caldo rianxeiro á asistencia.

Xaneiro 12. Roda de prensa de Maos para presentar un proxecto da Rede da GaliLusofonia e da Deputación da Coruña

Xaneiro 12. Presentación do libro de Aurelia Balseiro *Museo Provincial de Lugo. Xénese e consolidación*, coa autora, Esperanza Gigirey, Anxo Lorenzo, Mayte Ferreiro e Concha Losada

Xaneiro 16. Xurxo Lobato utiliza o claustro para realizar unhas fotografías para a Fundación Castelao.

Xaneiro 18. Entrevista da tvg ao patrón X.M. González Reboredo sobre o Entroido.

Xaneiro 19. Entrevista de Pancho Álvarez (banda de Carlos Núñez) a Antía Ameixeiras sobre o cego dos Vilares.

Xaneiro 22. Igrexa: acto da Mesa pola Normalización Lingüística.

Xaneiro 26. Presentación do libro de Francisco Leira *Los nadies de la Guerra de España*, con Suso de Toro, Marilar Aleixandre e Ana Romání. Xaneiro 29. No Panteón ofrenda dos veciños de Fontecarmoa, Vilagarcía de Arousa.

Ofrenda a Castelao polo Partido Galeguista e a Xunta de Galicia.

Febreiro 2. Gravación dunha entrevista na Biblioteca á patroa Patricia Arias Chachero.

Febreiro 6. Gravación dunha entrevista por Xaime Fandiño á patroa Mercedes Rozas na Biblioteca e a Euloxio Ruibal no claustro.

Febreiro 9. Presentación de *Nós / Albums de guerra de Castelao*, editado por Akal. Con Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer.

Febreiro 13. Gravación na escaleira e no claustro para un documental sobre a vila de Cee con referencias a Domingos de Andrade.

Febreiro 15. Gravación na biblioteca de nós tv a Dolores Vilavedra e á patroa Encarna Otero.

Febreiro 18. Asemblea da Asociación Galega de Gaiteros.

Febreiro 25. Ofrenda a Rosalia pola AELG.

Marzo 4. Asemblea da AGHN.

Marzo 12. Visita ao Panteón do Concello de Marín.

Marzo 23. Gravación dun programa da rtvg, A Porta Aberta, coa Asociación do Traxe Tradicional por Celta Producciones.

Marzo 24. Xornadas de AGACA sobre mulleres e cooperativismo e visita guiada ao Museo.

Marzo 25. Asemblea do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg).

Marzo 29. Gravación de Raúl Varela para o proxecto Astara Orígenes.

Abril 4. Gravación dunha entrevista a Pepe Barro por Nós tv.

Gravación dunha entrevista ao director do MPG por Eduardo de Martís para un documental "A Galicia do presente".

Abril 11. Visita de Xosé Estévez cun grupo de Oiartzun acompañados por Josune Cousillas, concelleira de Cultura, e Olga Leibar Mendarte, concelleira de Igualdade.

Recibimos estudiantado de Galicia, Euskadi e Cataluña dentro dun intercambio organizado nun proxecto de improvisación oral, acompañados de varios profesores e fixeron varias gravacións dentro do seu proxecto.

Charla organizada polo COAG.

Abril 15. Xuntanza do Consello Galego de Museos.

Gala da Asociación Galega do Lupus (AGAL)

Abril 16. Asemblea da Asociación Galega de Gaiteros e Gaiteras.

Abril 24. Xuntanza dun grupo de traballo da USC con Elías Torres.

Maio 6. Xornada de BAMAD con motivo do seu 40 aniversario: "Democracia e participación en bibliotecas e arquivos".

Maio 9. Entrega dos premios Galicia Segura pola fundación INADE.

Maio 10. Realización dun curso sobre traballo de campo etnográfico polo INCIPIT.

Maio 11. Gravación de Ugia Pedreira e Jon Jost no claustro.